

GVIETRO

ORGÃO DO PATRÓNATO DA CULTURA GALEGA

Ano II
Xaneiro, 1966

Nº 1

	Pág.
CASTELAO	1
Editorial: A nosa Cultura	2
Noticias do Patronato	2
Recordando a ilustres gallegos: Pablo Fontaina, Melchor Méndez Magariños, Manuel Albo	3
Xornada Anual de Confraternidade da Cunca do Prata	3
Galicia en Montevideo: El gran Panteón de "CASA DE GALICIA"	5
Carlos A. Zubillaga Barrera: Unha experiencia galega na Universidade uruguaya	5
○ Pensamento Galego: CASTELAO: A individualidade de Galiza	6
A Vida en Galicia	8
○ País Galego: Xaquín Lorenzo Fernández: Pesca da Sardiña	9
Galicia na Historia: E. González López: Grandeza y Esplendor de Galicia	10
Varia:	
Novas autoridades de Sociedades Galegas	11
Reglamento de Elecciones	11
Fernando Pereira: Lembranzas encol do cabo de ano	12
A Vieira de Prata	12

Montevideo

Uruguay

VIEIRO

ORGÀO DO PREGONERÓ-DX-CIVIZVIA-GALLEG-

Montevideo, xaneiro de 1966

Redactor Responsable: Dr. José Caneira Freijo

Año II N° 1

San José 876

CASTELAO

Xaneiro é un mes de outra siñificación na vida do noso mestre, do home epónimo, o de meirande siñificación na vida do Pobo Galego destas derradeiras xeneracións. Un trinta de xaneiro entró na vida, alá na Terra de Arosa, cara ó misterioso solpor no Atrántico e un sete de xaneiro, sesenta e catro anos dimpois, foise lonxe de nós. Castelao foi un home na meiranxa de expresión da verba. Vivéu a súa vida con pasión, endexamáis ollou con indiferencia nanguenha causa humán. Amou ós seus irmans e á súa terra con espírito sacrificado de pai. Loitou por Galicia coas mellores armas: adeprendendo todo o que pudo da súa xeografía, da súa historia, da súa economía, da súa etnografía, labourando sen trégoa, sacrificando todos os seus anacos de tempo de vagar pra facer, sen pausa e sen barullo, algo que fora conveniente á súa terra.

O seu inmenso cariño por Galicia engendróuse non só porque era un bó fillo senón tamén pola consciente comprensión das outísimas condicións da nosa xente e da riqueza e fermosura do noso chan. Conocéu a Galicia como ninguén, porque ollou á terra é ás xentes con ollos de artista que tiña a súa retina aberta ás máis finas sensacións e asimesmo cos ollos espirituais do pensador profundo que empregaba o escalpelo da razón pra desbrozar o camiño da verdadeira realidade. Por iso nas súas obras plásticas, nas súas verbas e nos seus escritos xurde unha imaxe auténtica de Galicia.



Acadou nos seus dibuxos unha tan perfecta capacidade de síntese que dúas liñas súas dinnos máis encol do carácter dun labrego galego que toda unha longa e documentada exposición literaria. Por iso nadie lle podía discutir con razóns valedeiras, cando falaba dos problemas galegos e das súas solucións. Falou dos noso moitos defectos coa mesma craridade que das moitas virtudes que o noso pobo atesora e adicou os seus mais grandes esforzos en percuriar solucións lóxicas ás nosas dificultades.

A imaxe de Castelao está más viva hoxe no pensamento dos galegos do que o estivo en ningún tempo pasado. É a indicación da autenticidade, do verdadeiro esencial valor dun home. Pra nós que áinda lembramos ó amigo, e que gardamos nos ollos a imaxe inconfundible do home real que foi Daniel é moi difícil imaginar o que xa é Castelao prás novas xeneracións galegas: o personaxe lexendario encarnación dos meirandes ideas do Pobo Galego. E nós, fuxindo da condición de seus contemporáneos, pensamos que esa é a definitiva posición dun home como era él: o símbolo do ideal galego.

A NOSA CULTURA

Galicia que, denantes que nada, é a perfeita armonía dun gran don da natureza, ca ialma dun pobo celta que é mais ricaz de sensibilidade que de caraxe, criou no remoer dos anos, unha cultura que é dunha particularidade única: E unha cultura nacida da codia da terra, que fala coa lingua dos nosos labregos e mañeiros. A sua plástica, é a sua paisaxe sin necesidade imaxinativa do pintor.

A nosa cultura, pois, está a carón da terra, e rezuma sempre a sua frescura i-a sua recedume. D'ahi que en ningunha lingua TERRA queira decir tantas cousas, e queira entrar tan fondo na sensibilidade dos que dela nacemos coma na nosa.

É unha cultura feita da esencia do pobo, e sin grandes vos de superioridade.

Os nosos poetas, os nosos literatos, os nosos artistas i-os nosos homes de cencia, son dinos representantes do noso saber, porque recollen e espoñen esa homoxeneidade mental innata que ven do pobo.

E, si hasta fai pouco, a nosa cultura foi, sobre todo folklorica, rural e costumista, hoxe empieza a tomar unha amplitude universal, dentro do noso curruncho lareiro.

Ben craro queda que non falamos da cultura nacida do sartego do noso Señor Sant-Iago, con camiño universal; nin tampouco do período románico e do tempo que a nosa, era lingua de reises.

Xa pasou, todo pasa, o tempo en que se quixo abafar a lingua espoñente desta cultura. Esta concxuntura histórica, como outras denantes, ven a mostrar que a nosa lingua é inmortal e que a historia sigue o seu camiño.

Esto fainos acordar do mestre Ortega y Gasset, cando no "Prólogo para franceses" referindose o latín, como lingua no Imperio Romano, di: "El latín vulgar se hablaba en Hispania, Galia, Dalmacia, Rumanía y Cartago. ¿Puede concebirse esta amalgama en países tan diferentes? ... El latín — continúa — está ahí en los archivos, como un escalofriante putrefacto, testimonio de que, una vez la historia agonizó bajo el imperio homogéneo de la vulgaridad, por haber desaparecido la fértil variedad de situaciones".

Mais esa "fértil variedad de situaciones" nunca desapareceu na Península Ibérica. Pol-o menos, e esto é o que nos intresa, como heteroxeneidade cultural: galega, portuguesa, vasca, catalana, española...

As treboadas históricas pasan, os pobos i-as súas culturas quedan.

Nós, que nos impuxemos a tarefa de traballar a cotío pol-a nosa cultura, deixando de lado calquera lastre político, convidamos a todos os gallegos a que nos axuden a percorrer o camiño que leva á meirande ilusión de todo ben nacido: Honrar a sua nai i-a sua TERRA.

Noticias do Patronato

A GRAN BIBLIOTECA GALEGA

SEMPRE EN GALIZA

Unha das obras que o Patronato ten en proxecto e que estimamos da mais fundamental importancia pró espallamento da nosa cultura, motivo e fin desta Institución, é a creación da Biblioteca especializada en todo aquilo referente a Galicia e ós galegos. Queremos ter en Montevideo un curruncho onde os estudiosos poidan atopar todo aquílo material que lles falle pros seus estudos encol da nosa Terra e do noso Pobo.

Facemos un chamamento a todos os nosos amigos pra que nos fagan chegar as súas quedanzas e nos axuden de algún modo a conquerir ese noso anexo. Temos necesidade de un local apropriado, de xente que deseñe colaborar na obra e de donantes de libros en idioma galego ou en calquer outra lingua, sempre que se refiran a Galicia, ou sexan creados por galegos.

Na nosa Segredaría serán ben recibidas todas as suxerencias que cheguen.

Baixo o nome do libro en que o gran Castelao resumiu o seu evanxeo galeguista, a audición radial de todos coñecida, pasou os quince anos de actuación non interrompida. Exemplo verdadeiramente excepcional, o grupo de patriotas galegos que a dirixe e realiza mantén un intrés permanente domingo a domingo, que fai que ela seña avidamente esperada dende longas distancias da cunca do Prata e vecindade. Compre asimismo destacar o sostén material que lle da o Banco de Galicia a meritaria institución comercial que sabe coordinar de maneira conveniente os seus intereses lucrativos coa protección a todo aquilo que serve a causa da nosa Terra.

O Patronato considerou que unha labour tan destacada a prol da nosa causa ben merescía un reconocemento de todos os galegos. E por iso que se resolvéu convocar a todos os galegos e amigos de Galicia a congregarse nunha festa de camaradería culminando a celebración do Día das Letras Galegas, na noite do 17 de maio vindeiro, en lugar que oportunamente se fará saber. Consideramos que naides debe deixar de concurrir a esa demonstración de agradecemento a homes que tan diñamente loitan pola nosa causa galeguista.



Cabeza del desfile de la Colectividad Gallega el día 25 de julio de 1965, por la Av. 18 de Julio de Montevideo, dirigiéndose, al culminar unas nuevas Jornadas de Cultura Gallega, de recordación y homenaje a la Patria lejana, a rendir su tributo de respeto y fraterna amistad al Pueblo Uruguayo ante el monumento del fundador de la nacionalidad oriental, General D. José Artigas.

RECORDANDO A ILUSTRES GALLEGOS QUE VIVIERON, LUCHARON Y MURIERON EN EL URUGUAY

Recientemente se cumplieron fechas que reavivan el recuerdo de destacados hombres nacidos en Galicia que dejaron en el Uruguay sus mejores esfuerzos y nos legaron el ejemplo de sus vidas ilustres, consagradas al bien de la comunidad; la mejor herencia que un hombre puede dejar cuando se va de la vida.

PABLO FONTAINA. El 28 de octubre de 1965 se cumplieron 100 años del nacimiento en Galicia de D. Pablo Fontaina, hombre vastamente conocido en el Uruguay, donde llegó a desempeñar funciones tan importantes como las de Director de la Escuela Superior de Comercio, antecesora de la actual Facultad de Ciencias Económicas, de la que también ocupó el Decanato. Asimismo integró la Asamblea Nacional Constituyente en 1934 y realizó una intensa actividad privada.

MELCHOR MENDEZ MAGARIÑOS. Se cumplieron 80 años del nacimiento de este destacado artista gallego hoy desaparecido, el día 6 de noviembre ppdo. Méndez Magariños dejó en el Uruguay obras de gran valor. Fue discípulo de Carlos María de Herrera en el Círculo de Bellas Artes. Junto con el pintor Pío Collivadino intervino en la decoración de la Basílica Metropolitana de Montevideo. Su obra más conocida es la denominada "Exodo del Pueblo Oriental", cuadro de grandes proporciones que recibe la admiración del público dentro del Palacio Legislativo.

MANUEL ALBO. El día 7 de noviembre ppdo. se cumplieron 30 años de la muerte de aquel médico insigne que fue D. Manuel Albo. Cirujano de Guardia de los Hospitales de Montevideo, en una época heroica de la historia de la Cirugía, fue uno de los más distinguidos integrantes del Cuerpo Médico de su tiempo. Profesor de Clínica Quirúrgica de la Facultad de Medicina, fue arrebatado de la vida en plena madurez, cuando mucho se esperaba todavía de su talento. Fue Director-Fundador del Sanatorio de la "Casa de Galicia", donde tuvo oportunidad de prodigar sus consuelos y salvar la vida a muchos de nuestros paisanos en desgracia.

Los hombres gallegos a que hemos hecho referencia muy escueta en esta nota, encarnaron en forma destacada las virtudes comunes a la mayoría de los integrantes de nuestro pueblo. Ellos nos honran especialmente porque tuvieron oportunidad de que sus condiciones fueran conocidas, pero debemos destacar que como ellos, muchos hombres humildes de nuestro pueblo vienen realizando una proficia, honrada y tesonera labor en beneficio de la sociedad en que viven, aunque la resonancia menor del ámbito en que desarrollan sus actividades hace que su valiosa obra transcurra inadvertida al conocimiento general.

XORNADA ANUAL DE CONFRATERNIDADE GALEGA DA CUNCA DO PRATA

Por iniciativa do Segredario do Patronato D. Xohan García Durán, estase traballando na organización de unha festa anual, na forma de Gran Romería Galega que xuntaría ás colectividades das dúas ribeiras da Cunca do Río da Prata. Nesa oportunidade destacaríanse valores folclóricos e artísticos en todas as súas formas e faríase sociabilidade galega, nun marco que asemellaría ó das romerías enxebres en Galicia.

Cecáis iste ano deberíamos os desta banda viaxar a Bós Aires, pox o feito de que a Arxentina festexa o Sesquicentenario da súa independencia, será unha razón pra que a colectividade galega da Arxentina faga unha gran demostración de adhesión ó país en que mora e nos colaboremos a ese anejo. Baixo a dirección do Centro Galego de Bós Aires, máxima entidade galega da emigración, xa se está traballando en tal sentido.

Sería no ano 1967 cando se faría a primeira reunión no Uruguai.

UN NOVO TRUNFO DE ZUBILLAGA

Moito nos enche de ledicia animar qué o Xurado encarregado de fallar no Concurso Literario de "Casa de Galicia" por unanimidade resolvéu premiar o traballo de Carlos Zubillaga. En outro número temos de dar máis detalles.



Placa de mármore colocada por el Patronato en una casa de la calle "Rosalía de Castro", en oportunidad de la conmemoración del Día de las Letras Gallegas.



Na rúa "GALICIA" da cibdade de Montevideo luce tamén unha praca de mármore que o Patronato fixo colocar en lembranza da nosa Terra.



O pé do cruceiro galego do Cimiterio Central da cibdade de Montevideo, colocouse iste ano, ó comenzo das DECIMAS XORNADAS DE CULTURA GALEGA, en homaxe ós nosos devanceiros mortos no Uruguai, ísta artística praca creada polo noso irmán D. Antón Crestar.

HOMAXE A CASTELAO

O vindeiro trinta de Xaneiro, por iniciativa do Patronato, viaxará a Bós Aires una Delegación das Sociedades Galegas de Montevideo, en representación de toda a Colectividáde, pra render un afervoado homaxe a Castelao, no día en que houbera cumprido os oitenta anos de idade. A memoria do noso gran mestre mantense sempre viva e latexante na cor dos sens irmáns galegos.

DA VIDA INTERNA DO PATRONATO

O derradeiro 3 de setembro realizóuse a Asamblea Ordinaria Anual, que aprobou a Memoria e o Balance e votou un aprauso prá Xunta Directiva pola xestión realizada. O mesmo tempo aprobou o Regramento de Eleccións, que transcribimos en lugar aparte.


O día dezasete do mesmo mes de setembro de 1965 efectuáronse eleccións prá renovación parcial da Xunta Directiva e da Comisión Fiscal. Foron electos por un período de dous anos os seguintes asociados: Prá Xunta Directiva: Titulares, Jesús Canabal Fuentes, José Cancela Freijo, Abelardo Cerdeira, Luis Luna e Fernando Pereira. Suplentes, Manuel Meilán, Alfonso Gómez Vázquez, Constantino Santos, José M. Pazos, Carlos Zubillaga Barrera, Julio Castro Alvarez, Manuel Segade Conde, Eulogio González Goberna, Manuel Fernández Vázquez e Cristóbal Deber Otero. Prá Comisión Fiscal, Titulares: Cr. Alberto Rodríguez López e Esc. Filiberto Ginzó Gil, Suplentes, Luis Ventura Rodríguez Pardiñas e Alfonso Leal.

Logo da distribución de cargos por parte da Xunta Directiva, as autoridades quedaron constituídas de seguinte forma:

XUNTA DIRECTIVA: Presidente, Dr. José Cancela Freijo. Vice-presidente, D. Luis Luna, Segredario, Prof. D. Juan García Durán, Pro-segredario, D. Fernando Pereira, Segredario de Actas, D. Miguel Vázquez Valiño, Tesoureiro, D. Jesús Canabal Fuentes, Pro-tesoureiro D. Abelardo Cerdeira. Vocales, D. Rogelio Cercido e D. Marcelino Martínez Gómez.

COMISIÓN FISCAL: Cr. Alberto Rodríguez López, Esc. Filiberto Ginzó Gil e D. Albino García.

Galicia en Montevideo



EL GRAN PANTEON DE "CASA DE GALICIA" DE MONTEVIDEO

La "Casa de Galicia" de Montevideo es una institución que honra a los gallegos. Pese a que su vida es relativamente corta, pues el año próximo festejará los primeros cincuenta años, ha realizado una obra fecunda y adquirido una solvencia material que la coloca entre las más importantes mutuales del Uruguay. En el aspecto puramente asistencial médico realiza una labor que se ajusta a los más altos "standards" de la medicina moderna. Está alcanzando las últimas etapas de la construcción de un gran Sanatorio, ubicado dentro de un predio que sus socios fundadores compraron de su propio peculio y donaron luego a la colectividad. En esa tierra de la Quinta de Salud de "Casa de Galicia" se han decantado los más puros sentimientos cooperativos y altruistas de gran número de gallegos.

En estos días se ha procedido a la inauguración de

un gran Panteón en el que se guardarán las cenizas de los miembros de la Institución. Está situado en el Cementerio del Norte de la ciudad de Montevideo y tiene una capacidad de 2.000 nichos y 10.000 urnarios, lo que de por sí indica la monumentalidad de la obra. Pero debemos destacar además la belleza de la realización arquitectónica, en la que se combina riqueza de materiales, funcionalidad y excelente concepción general. Cuatro ánforas contienen tierra de las cuatro provincias gallegas; un cruceiro de granito uruguayo adorna el monumento, aun cuando se espera traer un auténtico cruceiro gallego. Vitrales con escudos provinciales y la imagen de Santiago, jardines, fuentes y estanques completan la decoración. En conjunto esta obra, de la que ofrecemos una vista general, es una realización que recordará dignamente a Galicia y servirá de honra para la colectividad gallega del Uruguay.

UNHA EISPERIENCIA GALEGA

Non é doadó escribir n'unha lingua de matices tan ricos coma galega, pra-os que somos nados na Emigración, estudamos e falamos en castelán.

Nembargantes o quefacer galego a cotío, creou a imprescindíbel necesidade de facel-o e as espranzas dun conxunto de xóvenes urugaios — fillos e netos de gallegos — confirmáronse cando a Universidade da República creou, baixo a dirección do Instituto de Filoloxía da Facultade de Humanidás e Cencias unha cátedra de Língua e Literatura Galegas, poñendo ao frente da mesma ao Profesor Xan García Durán.

Unha eisperiencia nova, co alento de xuventude, foi a resposta da feliz iniciativa. E xa non foron soio as novidades bibliográficas galegas as que puideron chegar as nosas mans pra ser vínculos culturais de vixencia permanente coa Galicia anterga, senón que os alumnos do Curso falamos galego ante nós e falamos galego cos demais.

A barreira mais outa no insino d'un idioma foi, diste xeito, vencida polos descendentes de gallegos nucleados no Curso universitario diste ano.

Mais alá das gramáticas e das normas lingüísticas, as

NA UNIVERSIDADE URUGUAIA

crases desenroláronse baixo a cotián invocación dos líricos galegos. As verbas de Rosalía foron guía no pelerinario literario do curso e xunto da poesía xurdíu a evocación da Terra, da súa paisaxe, da sua historia, dos seus homes e das suas mulleres, dos xogos dos nenos e dos contos antergos.

A xenerosa attitude das autoridades universitarias uruguaias, creando a primeira Cátedra de Idioma Galego que se dicta no mundo — fora de Galicia — a nivel universitario, constitue sin dúbida algunha o aspeito máis saínte no ano 1965, da vida cultural galega na Emigración.

Os descendentes de gallegos adherimos afervoadamente a devandita iniciativa e renovaremos o ano vindeiro a nosa eisperiencia lingüística galega nos claustros universitarios de Montevideo.

Carlos A. ZUBILLAGA BARRERA

N. da R.: Sentimos unha moi intima ledicia, dándolle acollida, en "GUIEIRO", a este pequenño traballo dun estudiante da nosa lingua, que ven a ser, pra il, o ponte que o une os seus antergos.

A individualidade de Galiza

Por CASTELAO Sempre en Galiza, 1º ed., Bós Aires, 1944. Edit. AS BURGAS

¡TEN GALIZA UN TERRITORIO PROPIO!

Ninguén pode negalo. A entidade xeográfica galega ten fronteiras naturaes perfeitamente recortadas, e comprende algo máis que o territorio das nosas catro provincias. O carácter diferencial da rexión galega está recoñecido polos máis acerados xeógrafos. Non esquezamos que Galiza era unha insúa de rocas ígneas, criadas pol-o lume astral, e que xurdía, outa e forte, dos mares formativos, en cuio caos ainda xacia o que hoxe chiamamos Hespaña. Tal é a forteza de Galiza que o poderoso ergueemento das serras cantábricas trouzouse ao bater co noso chán, "como una lanza se dobla y tuerce al dar contra la resistencia de una coraza". Por eso as feituras redondeadas e dondas do noso sistema de montanas contrasta cos accidentes, agudos e agres, que se alviscan en Asturias, e tal diferenciación permítenos formular esta verdade: Galiza é unha terra doce de formas porque é moi forte de entras.

A terra galega é, ao mesmo tempo, unha entidade étnica, pero de dificultosa reconstrucción política, porque a fronteira portuguesa roubanos a espranza de anovar en breve a comunidade nacional dos tempos suevos e visigóticos. Con todo, é doado esperar que o Bierzo e demás comarcas límitrofes de Ourense e Lugo, se incorporen ao seo da súa nación natural, e que o tempo — gran curandeiro dos erros históricos — posibilite a reconstrucción total da nosa unidade. Non se pode creer que o río Miño, vello pai de Galiza — representado na franxa azul da nosa bandeira — siga sendo lindeiro perdurable de dous Estados.

Galiza é a mellor esquina do solar hispánico, cabo do mundo antigo e avanzada de Europa no mar inmenso da libertade. A arquitectura barroca do noso chán, labrada en pedra granítica, está sempre cuberta por un manto de zugoso verdor. Os montes son redondos como peitos de muller e farturetos. O mar toleá de caraxe cando non o deixan penetrar na terra; pero cando entra, quedase adormecido no leito das rías. Galiza é unha unidade territorial armónica, de formas e coor, perfeitamente diferenciada do resto da Hespaña.

Un fillo de Galiza pode maior que o seu idioma labrego e mariñeiro ("rústico", como díen os catedráticos casteláns), fose antano a lingua lírica de todo Hespaña; pero non hai galego que non se sinta orgulloso de ser fillo da terra más hermosa do mundo. Cando un galego entra nas planuras de León ou de Zamora, sintese en terra allea, invadido pol-a tristura que producen os desertos. Cando entra en Asturias ten que afacer os seus ollos a un novo estilo de paisaxe. Pero cando traspón a fronteira portuguesa, sintese na propria terra, e non dá creto ás arbitrariedades da política histórica.

Aos galegos pode faltarnos a vontade de crear un ser político independente; pero non hai povo hespánol que nos aventure en amor á terra natal. Para uns a Terra é o pequeno herce en que naceeron: apenas un tremoso

val, que ten un río de prata, unhas casas que fumegan, un campanario lanzal e un címetario onde durmén os seus abós. Ali abriron os ollos e ali queren morrer. Para estes a Terra é unha nación pequena en estensión, pero fonda en patriotismo. Para outros, a Terra é tan grande que somentes alcanzan a vela no mapa de Fontán. Ali hai unha inmensidáde de vals, con aldeas, vilas e cidades. Ali viven do traballo, sofrindo inxusticias, máis de dous millóns de labregos e mariñeiros. Para estes a Terra é unha nación asoballada, con dereito a reclamar garantías para o desenrolo normal da súa vida.

A impermeabilidade do noso espírito resistiu as acometidas esterilizadoras do sistema uniformista; pero é invidable que os siños espirituais da nacionalidade galega puderón morrer asimilados. O que non podía morrer era a Terra — siño permanente da nación — porque por moito poder que o estado centralista tivese, sempre resultaría impotente para convertir a noso territorio en planura castelán. E quedándonos a Terra non os mataban a posibilidade de revivir, porque a Terra é a fonte da vida. Ela fainos á súa semellanza, con terra, pedra e auga, que son carne, oso e sangue do noso corpo. Ela fainos entristecer no outono, chorar no inverno, surrir na primaveira e gargallar de ledicia no vrán. Todo como ela. ¿E quén podería abolir a morriña dos galegos que viven fora dos eidos nativos? Porque ese sentimento diferencial é fecundo para crear xeitos propios do ser e, polo tanto, da cultura.

O noso instinto xeneroso é incompatible co chovinismo; pero ningúen pode fanar os nosos anceios patrióticos, que se afincan, simplemente, no amor á Terra-Nai, sempre compatible co desejo de reconstrución racional do Estado hespánol e coas arelas de redención humán. Para nós a patria non é esa ideia abstracta que defenden os imperialistas. Para nós a patria é un sentimento natural, inspirado en realidades sensibles aos cinco sentidos. A patria é a Terra. A Terra que nos dou o ser e que nos recollerá na morte como semente de novas criaturas. A Terra, que cría frores nos campos para regalía dos ollos e álbres para que canten os paxaros; onde atopamos sombra fresca no vrán e quentura garimosa no inverno; onde sofrimos a inquietud das semelleiras e gozamos a ledicia das colleitas; onde o vendaval brúa nas ponllas dos carballos e funga nas cordas dos barcos; onde canta o vento nos piñeira; onde esboufan as ondas do mar nos cóns da riveira e runxen nas areaas; onde por primeira vez ollamos a choiva, a brétema, o sol, o luar, o "arco da vella" e a noite estrelecida.

Cómo lle queremos á Terra! Eu de min sei decirvos que si dispóns de morto tivese que voar máis alá das estrelas visibles, para ir a un ceo tan lonxano da Terra, que nunca máis poidera vela, de boa gana renunciaría á inmortalidade para rematar a miña vida debaixo d'inha laxe e convertirmé en herbas ventureiras.

Certo que a Terra que amamos tanto áinda é un "val de bagoas"; pero nós, os galegos, superaremos a predición relixiosa e trocarémola en Paradiso.

¿TEN GALIZA HABITOS PSICOLOXICOS REFLEXADOS NUNHA COMUNIDADE DE CULTURA?

Prometín non perderme nos camiños ensarillados do pasado; pero a cultura é unha resultante histórica, e para responder a esta pregunta compre que rexistremos a memoria. Non é posible negar a diferenciación psicolóxica de Galiza. Abondaría, para demostrarlo, con citar os aldraxes que os clásicos casteláns nos dirixiron, en verso e prosa, por considerarnos diferentes e non asimilables; como bastaría lembrar ese agán, inconscentemente separador, dos que nos chaman "gallegos" — con sorna —, por creeren que sendo diferentes somos contrarios a eles. Eses aldraxes teñen unha esplicación: Os imperialistas, cando topan coa resistencia espritoal d'un povo sometido, confunden a "dureza para deixarse asimilar" coa "dureza para asimilar". Así, os ingleses aldraxan aos escoceses; os franceses aos bretóns; os castelán aos galegos. E todos esos aldraxes non son máis que un recoñecemento tácito do "caráter nacional", que non se deixa esterninar.

A nosa Terra diferente crea hábitos peculiares de vida que se manifestan en cada época baixo formas autóctonas de cultura. Velahí están os moimentos prehistóricos de Galiza, que amostran caracerísticas diferenciais. E na galeguísima cultura dos castros e citáneas aparece un arte requintado e propio, con símbolos relixiosos que fan supor a existencia de cultos peculiares e comúns a toda Galiza.

A Galiza do século IV — povo celta, romanizado e cristianizado — dou a figura extraordinaria de Prisciliano, perseguido por enxertar na doutrina católica o sentido panteísta do seu país natal e a liberalidade moral dos seus coterráns. Morreu decapitado en Alemaña, vítima das loitas teolóxicas d'aquel tempo e da inquina de dous Bispos hespánios, non galegos. Os seus discípulos deronlle sepultura na nosa Terra, e a súa doutrina enxendrou unha Eirexa separada, onde se cobexaron todolos galegos. O priscilianismo botou raíces tan fondas na alma mística da Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, o noso povo aldeán sigue sendo heterodoxo. Tivemos, pois, inclusive, unidade relixiosa con caracerísticas que ainda hoxe sobreviven.

A invención do corpo do Apóstolo — ¿Prisciliano ou Sant-Iago? — fixo da nosa Terra un centro de universalidade. Nos camiños que conducían a Galiza crúzanse as culturas do mundo antigo e fórmase a unidade espiritual do Océntido. Por estes camiños entra Europa en Hespaña. Ao mesmo tempo xurde unha poderosa cultura galega, que adequire independencia e vida propia. Velahí a arte románica, culminando no Pórtico de Gloria, e velahí a poesía lírica, culminando no Cancioeiro da Vaticana.

As artes da construcción callaron en Galiza no estilo románico, que perdurou por enriba do góticu, deixa enlazarse co barroco. O góticu, por ser un arte lóxico, non pudo aclimatarse no noso país pero do barroco fixemos, pode decirse, un "estilo nacional". Porque tendes de saber que hai un "barroco galego" e que, n'este estilo, creamos exemplares que son fitos na historia do arte.

O romance galego percorreu un ciclo literario completo, de tan outo valor artístico que traspuxo as fronteiras do noso país, chegando a ser a língua lírica e cortesán de Castela. En galego escribiron Alfonso IX,

Alfonso X e outros enxeños casteláns. Incluso algun poeta árabe foi tributario do noso idioma. Escoitade o que di Santillana: "...non há mucho tiempo cualesquier decidores é trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Estremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa". Foi preciso executar a "doma y castración de Galiza" (verbas de Zurita, cronista dos Reis Católicos) para que enmudecérmos; pero a nosa língua sigueu froecendo en Portugal, e o povo galego non quixo esquecela. Cando á fala popular de Galiza se lle negaba — por negarnos todo — condicións para ser língua de cultura, ergeuse a protesta P. Sarmiento, afirmando que él se comprometía a traducir ao galego todo canto se escrebeu en grego, latín e castelán. As mocedades románticas e liberaes do século XIX descubriron a tremosura lírica do galego e iniciaron a renascencia das nosas letrias, que hoxe volven a froecer. Temos, pois, unha literatura con caracerísticas que incluso resaltan nos escritores galegos de fala castelán.

Dixo Tolstoi que dende a Edade Meia as crases outas da sociedade viviron sen arte proprio, e que somentes o povo sigueu disfrutando d'un arte verdadeiro, que responde á súa concepción da vida. Esto parez escrito adrede para Galiza, pois antramentres os señoritos alleiros vivían espiritualmente de prestado, o povo galego sigueu creando arte e sabiduría. Velahí estam os refráns, algúns tan sabios como este, que quero ofrecer á vosa consideración porque é todo un tratado de economía: "Mália o dente que come a semente". Velahí están os nosos cantares, a rever tenrura e malicia, para competiren en beleza cos cancioeiros de calisquera outro país do mundo. Velahí están os hórreus, para demostrarren o sentido galego das tremosas proporcións. Velahí está nosa escultura popular nos cruceiros, nas fontes e nos portalóns. E velahí está destacándose sober da inmensa riqueza folklórica de Galiza, a nosa música popular e os nosos bailes e danzas populares. Os musicólogos poden locir a súa erudición discutindo procedencia ou non procedencia árabe nosa música popular e as relacións de parentesco que poida ter coa de outros países lonxanos; pero ningúén discute o seu "caráter nacional", porque eisiste unha "música galega" de estraordinario valor artístico.

O siño diferencial da psicoloxia galega está, principalmente, na Saudade. Esta verba é coñecida dos hespánios; pero somentes nós sabemos o qué significa. Este significado ninguén acertou a expresalo; nin sequera Rosalía de Castro, que foi o corpo mesmo da Saudade. Pero a Saudade eisiste e anda sempre conosco.

Velahí, en résume, as diferencias culturais que poden apreciarse: Lírica contra épica; muiñeira contra jota; gaita contra guitarra; cruceiro contra picota; intuición contra lóxica...

Si vostede non está deacordo con
marcha ou a orientación do Patro-
nato, veña e amóstrenos as suas
discrepancias, a nosa instituzón
cultiva a democracia como norma
de relación entre os seus membros.

A Vida en Galicia

A CASA DE ROSALIA. — Venén noticias da Terra de que hai certas inquedanzas co fin de converter tamén en Museo a casa de Padróen en que viviu, escribiu e morréu Rosalía. Alf na casinha aldeán abandoada, érguese un outo e vello ciprés que fai de guardián eterno.

CORAL "DE RUADA". — A coral "De Ruada" permaña nos ourensáns con forza catedralicia. Surgida no ano 1919, hoxe fálase dunha insistente crisis. Nembargantes, Don Manuel Varela, o seu presidente, dí que a coral conserva a unidade e que saldrán adiante. Agora acabou de incorporar a o seu abondoso repertorio as cantigas de Alfonso X, Mendiño e Martín Codax.

